

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA RÍTMICA**OURENSE, 22/08/2025****1. NORMATIVAS AUTONÓMICAS 2026.**

Apróbanse as seguintes normativas autonómicas provisionais para 2026, as cales adxuntamos e subiranse na web da Federación:

- NORMATIVA ESCOLAR CONXUNTOS.
- NORMATIVA ESCOLAR INDIVIDUAL.
- NORMATIVA PROMOCIÓN.
- NORMATIVA PREBASE

Tamén se publicarán os seguintes documentos adxuntos:

- ACCESO A COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS 2026.
- ASCENSO ESCOLAR A PROMOCIÓN.
- ASCENSO PROMOCIÓN A PREBASE.
- DESCENSO DE PREBASE A PROMOCIÓN.
- DESCENSO DE PROMOCIÓN A ESCOLAR.

2. TECNIFICACIÓN 2º SEMESTRE 2025.

Informase ao Comité que dispoñen de 2.150,00 € para realizar a Tecnificación do segundo semestre. Acórdase que, provisionalmente, se realizará a seguinte actividade proposta inicialmente:

SEGUNDO SEMESTRE 2025**CUSTE ESTIMADO: 2.150 €**

XORNADA REVISIÓN EXERCICIOS CONXUNTOS	
Xornada Tecnificación Conxuntos Élite dirixida polo adestrador D. Yeray Hernández do Club Corza's Maspalomas:	
- Data: 12-13-14 setembro. Dúas xornadas según dispoñibilidade do adestrador que dirixe. - Realización dos exercicios dos conxuntos de nivel elite para revisión e corrección dos mesmos así como introduccións de melloras antes das competicións autonómicas. - Sede: Pavillón Municipal de Boqueixón. - Dita xornada ao ser aberta non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes.	
XORNADA CAPTACIÓN	
Realización dunha xornada de captación dirixida a ximnastas nados entre 2011 e 2014 de nivel base ou elite para participar nunha xornada de adestramento presencial que se celebrará en Narón.	
- Data: 13 ou 20 de decembro - Realización dunha preselección por vídeo das ximnastas que cumpran as dificultades requiridas para participar nunha xornada de adestramento presencial de mañá e tarde na cal se evaluará polo comité autonómico as ximnastas que poderán entrar no grupo de seguimento para participar en futuras competicións de Idade Escolar, Copa Raiña e tecnificacións. Imparte: Izaskun Hernáez co seguinte horario: 11.00 a 14.00 horas e 16.00 a 18.30 horas. - Sede: Narón - Dita xornada ao ser de captación non cubre ningún gasto de desprazamento nin manutención dos equipos/adestradores participantes. - Poderanse inscribir as ximnastas que cumpran os seguintes requisitos: • Idades: nadas en 2011-2012-2013-2014 • Nivel: Base o Élite • Licenza en vigor mínimo tipo B- • Preselección por vídeo para acceder a xornada: enviar 1 vídeo por ximnasta realizando como mínimo 2 dificultades de valor mínimo 0.5 do código 2025/28 (2 saltos/ 2 xiros/ 2 riesgos/ 2 equilibrios), 1 con cada aparato. Enviar vídeo a info@ximnasia.com co asunto Xornada Captación indicando o nome e apelidos da ximnasta, ano	

nacemento e os 2 aparellos cos que realiza as dificultades no vídeo. Só 1 vídeo por ximnasta onde se inclúan todas as dificultades requiridas.

- Plazo límite envío vídeo: sábado 15 novembro.

Posteriormente o Comité Autonómico, trala visualización dos vídeos para determinar que cumpren os requisitos marcados, indicará as ximnastas que poderán asistir a xornada presencial que se celebrará en Narón.

O comité autonómico estará presente durante a xornada para avaliar as ximnastas que poderán entrar no grupo de seguimento para as futuras competicións de Idade Escolar e Copa Raiña.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Acórdase modificar a data de celebración do Campionato Galego de Conxuntos e Control Copa Base Individual feminino e masculino para o 18 e/ou 19 de outubro dado que as datas de inscrición ao nacional son anteriores a data inicialmente proposta para o evento no calendario da FGX. Para non coincidir ca celebración do Euskalgym nin co Torneo Internacional Viravolta Jael trasládase a data indicada na que xa estaba prevista a realización do clasificatorio para Base Conxuntos e Control 3ª Fase Copa Conxuntos.